

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas beneficiarias ás bolsas de inicio na investigación no centro de investigación ECOBAS para o curso 2024/2025

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución Reitoral do 8 de outubro de 2024 no que se regulan as bases da convocatoria de “bolsas de inicio na investigación no centro de investigación interuniversitario ECOBAS para o curso 2024/2025”, á vista da proposta da comisión de avaliación e tendo en conta que o número de solicitudes admitidas é inferior ó de bolsas convocadas,

esta Reitoría RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e elevala a definitiva (anexo I).
2. O pagamento da bolsa efectuarase, no prazo máximo dun mes dende a data de concesión mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular
3. De acordo co establecido no punto 9 da convocatoria, as persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:
 - Destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida. Para tal fin deberá colaborar na investigación e actividade científica proposta por ECOBAS ao longo de 45 días a partir do 15 de xaneiro de 2025.
 - Achegar a ecobas@ecobas.gal no prazo máximo de 10 días naturais seguintes á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa.
 - Seguir as normas de filiación a ECOBAS e identidade corporativa en todas as súas comunicacións e publicacións derivadas da súa produción científica.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/23212258>) dirixido á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación,

María Belén Rubio Armesto

ANEXO I
LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA

Apellido1	Apellido2	Nome	Contía bolsa	Universidade
Andión	Mosquera	Álvaro	1.125 €	USC
Cruz	García	Alfonso	1.125 €	UVIGO
Puehler		Leonardo	1.125 €	USC
Sánchez	Vázquez	Alexia	1.125 €	USC
Viceiro	Diz	Paula	1.125 €	UVIGO